



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E AS COMUNIDADES DE REGANTES DE "LAMAS-GANADE", "CORNO DO MONTE", "ALTA LIMIA" E "SAN SALVADOR DE SABUCEDO" PARA A MODERNIZACIÓN DE REGADÍOS**


Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2021


**REUNIDOS**


  
Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora de normas da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

  
Juan José Penín Vidal, maior de idade, con DNI núm. 76.729.574X, actuando en nome e representación da **Comunidade de Regantes de "Lamas-Ganade"** -con CIF G32.333.734 e domicilio social en Xinzo de Limia, Rúa Dos de Maio 37 baixo- da que é Presidente, segundo acordo da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 14 de decembro de 2016.

  
Amador Saborido Dapousa, maior de idade, con DNI núm. 76.730.750J, actuando en nome e representación da **Comunidade de Regantes de "Corno do Monte"**-con CIF G32.333.742 e domicilio social en Xinzo de Limia, Rúa Dos de Maio 37 baixo- da que é Presidente, segundo acordo da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 13 de decembro de 2016.

  
Amador Díaz Penín, maior de idade, con DNI núm. 34.997.410N, actuando en nome e representación da **Comunidade de Regantes de "Alta Limia"**-con CIF G32.333.759 e domicilio social en Xinzo de Limia, Rúa Dos de Maio 37 baixo- da que é Presidente, segundo acordo da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 1 de marzo de 2017.

  
Julio Manuel Montero Molinos, maior de idade, con DNI núm. 44.486.768F, actuando en nome e representación da **Comunidade de Regantes de "San Salvador de Sabucedo"** -con CIF G32.371.403 e domicilio social en Xinzo de Limia, Rúa Dos de Maio 37 baixo- da que é Presidente, segundo acordo da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 17 de maio de 2017.



Todas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio, e para o efecto

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no artigo 27.12 a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma cando as augas discorran integramente dentro da Comunidade, en materia de proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da Comunidade Autónoma. A devandita competencia refírese ao Real decreto 1124/1985, do 30 de abril, sobre valoración definitiva e ampliación de funcións traspasadas da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de reforma e desenvolvemento rural.

**SEGUNDO.-** A Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o órgano da Administración galega encargado de propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

Conforme se recolle no Decreto 149/2018, de 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, esta responsabilízase das accións que teñan como obxecto directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos.

**TERCEIRO.-** As comunidades de regantes son corporacións de dereito público reguladas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. As ditas comunidades están adscritas a un organismo de cunca (ente público encargado de xestionar as augas nas demarcacións hidrográficas) e son de obrigada creación para os usuarios da auga e outros bens de dominio público hidráulico dunha mesma toma ou concesión.

A Comunidade de Regantes de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia (A Limia – Ourense) acordaron nas respectivas Asembleas Xerais celebradas respectivamente o 4 de decembro de 2021, o 3 de decembro de 2021, o 2 de decembro de 2021 e o 4 de decembro de 2021, solicitar colaboración á Consellería



de Medio Rural para levar a cabo as obras de sondaxe e captación das augas subterráneas a fin de poder beneficiarse das actuacións de modernización de regadíos preseleccionadas para o ano 2022 no "Plan para a mellora da eficiencia e sustentabilidade en regadíos" incluído no "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía Española" – Galicia, que precisan previamente a existencia das captacións de augas subterráneas que se recollen neste convenio.

**CUARTO.-** Para a Consellería do Medio Rural acometer as melloras dos regadíos da Comarca da Limia supón unha actuación estratéxica de enorme importancia tanto para o desenvolvemento socio económico da zona como para a potenciación do sector agrario destas comarcas.

**QUINTO.-** Entre os obxectivos principais a acadar coa modernización dos regadíos destacan o aforro e mellora na eficiencia no uso da auga de rega, a regularización dos recursos hídricos da comarca, a introdución de novas técnicas de rega máis eficientes a nivel de parcela, a mellora da renda agraria e o desenvolvemento da Comarca, posibilitar unha agricultura sostible e respectuosa co medio, a mellora da calidade de vida dos agricultores reducindo as horas de traballo que estes dedican á rega e un importante aforro enerxético.

**SEXTO.-** A importancia do regadío para a produción agrícola na Comarca da Limia é ben coñecida polos agricultores que durante máis de 30 anos están tratando de resolver as súas necesidades de auga con prácticas e estruturas individuais.

O aumento do regadío nunha comarca cunha agricultura tan intensificada como a da Limia provocou a aparición de problemas de natureza ambiental e de rendibilidade económica, xa que ao mesmo tempo que a importancia da rega se facía maior, non se acometían medidas de xestión da auga e de planificación dos recursos hídricos.

**SÉTIMO.-** As melloras das infraestruturas de regadío na comarca comezaron a ser un feito nos anos 2003/2005 da man da Consellería do Medio Rural, coas obras de transformación en regadío de 2.017 ha na depresión de Antela (Comunidade de Regantes de Antioquía).

Posteriormente a Comunidade de Regantes "Lagoa de Antela" modernizou as súas infraestruturas de rega mediante un Convenio entre a Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias, S.A. (SEIASA), a Consellería do Medio Rural e a propia comunidade, o que supuxo a modernización de 612 ha.

**OITAVO.-** Á vista dos resultados obtidos nas actuacións levadas a cabo a instancia tanto da Comunidade de Regantes de Antioquía como da Lagoa de Antela, e no marco de modernización das estruturas de regadío da Limia, as Comunidades de Regantes de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia (A Limia



– Ourense) dados os serios problemas que presentan as súas actuais estruturas de rega, estimaron necesaria a modernización de ditas estruturas para a mellora da eficiencia e sustentabilidade dos seus regadíos.

As catro zonas incluídas no programa de consolidación e modernización dos regadíos tradicionais horizonte 2008, contan coa declaración das obras como de Interese Xeral (Lei 51/2007, do 26 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2008); as zonas están incluídas no Plan Hidrolóxico 2016-2021 (Capítulo 4, restricións ao uso, prioridades de usos e asignación de recursos do Real Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro).

**NOVENO.-** Por parte da directora xeral de *Desenvolvemento Rural, Innovación e Formación Agroalimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación*, comunicouse no mes de xullo deste ano 2021 a preselección do "Proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas - A Limia 2022" no marco do "Plan para a mellora da eficiencia e sustentabilidade en regadíos" incluído no "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía Española" – Galicia.

Indícase por parte da precitada *Dirección Xeral* que a actuación preseleccionada publicarase no ano 2022 e que deberá estar recollida no próximo ano no correspondente convenio entre o MAPA e SEIASA.

Unha vez formalizado o convenio entre o MAPA e SEIASA, SEIASA subscribirá á súa vez un convenio coas comunidades de regantes de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia para a construción e explotación das obras do "Proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas - A Limia 2022".

Neste marco, con carácter previo á sinatura de ambos convenios faise necesario levar a cabo as obras de sondaxes e captacións mediante 42 pozos das augas subterráneas das Comunidades de Rega San Salvador de Sabucedo, Lamas - Ganade, Corno do Monte e Alta Limia (A Limia – Ourense).

**DÉCIMO.-** Todas as partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de modernización dos sistemas de rega das zonas regables polas comunidades de regantes que asinan este convenio con suxeición ás seguintes



## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste Convenio é o establecemento das condicións técnicas e financeiras en que a Consellería do Medio Rural e as comunidades de regantes de Lamas-Ganade, Corno do Monte, Alta Limia e San Salvador de Sabucedo (en adiante Comunidades de Regantes) deciden participar na execución e explotación das obras de modernización dos regadíos da Limia (Ourense), declaradas de Interese Xeral pola Lei 51/2007, do 26 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2008, consistentes no sondaxe e construción de 42 pozos para captación de augas subterráneas das Comunidade de Rega da Limia (Ourense) de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia.

### Segunda.- Condicións técnicas das obras para a modernización dos regadíos

A redacción dos proxectos técnicos necesarios, a supervisión, a licitación ou encargo, dirección das obras así como todas actuacións necesarias para a execución das obras de modernización dos regadíos das Comunidades de Regantes serán tramitados e aprobados pola Consellería do Medio Rural de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Se, do trámite de supervisión e aprobación resultase a necesidade de introducir reformas aos proxectos redactados, as partes acordan considerar como proxecto ou proxectos definitivos aos efectos deste convenio e, en particular, aos de determinar os orzamentos dos mesmos o que resulte da súa aprobación definitiva.

A execución das obras levarase a cabo mediante un encargo a medio propio, tendo en conta a urxencia de ditas actuacións ao estar vinculadas directamente, como xa se puxo de manifesto no expoñendo do presente convenio, ao "Proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas - A Limia 2022" no marco do "Plan para a mellora da eficiencia e sustentabilidade en regadíos" incluído no "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía Española" - Galicia, a recoller no correspondente convenio entre MAPA e SEIASA no próximo ano 2022.

No caso de que as obras proxectadas non se leven a efecto por causas imputables ás Comunidades de Regantes, os custos correspondentes á redacción dos proxectos e as súas modificacións serán por conta de estas.



### Terceira.- Compromisos da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural comprométese a:

- Elaborar todos os proxectos técnicos de obras necesarios para a execución completa das obras de sondaxe e captación, a súa aprobación respectando sempre todos os condicionantes técnicos e os que se deriven das autorizacións sectoriais de organismos competentes en materia de augas, medio ambiente e patrimonio cultural e paisaxístico.
- Encargar a medios propios a execución das obras de acordo cos proxectos de obras aprobados.
- Contratar ou encargar a medios propios a dirección das obras, a coordinación de seguridade e saúde e o seguimento do Programa de Vixilancia Ambiental, estudos de impacto cultural e paisaxístico así como os seguimentos nas fases de execución das obras.
- Achegar a financiación orzamentaria precisa, con cargo aos orzamentos do ano 2022 da Consellería do Medio Rural por tramitación anticipada de gasto, tal e como se establece na cláusula quinta, que permita a execución das obras - dende o inicio ata o seu remate - para a modernización dos regadíos das catro comunidades de regantes obxecto deste Convenio.
- Entregar as obras ás Comunidades de Regantes logo de recepción de conformidade pola Consellería do Medio Rural.
- A Consellería do Medio Rural non se subrogará nalgún dereito ou obriga que se deriven da titularidade das obras, que corresponderá ás Comunidades de Regantes.
- Non se considerarán gastos asumibles pola Consellería do Medio Rural todos os enumerados na Cláusula quinta deste convenio.

### Cuarta.- Compromisos das Comunidades de Regantes

As Comunidades de Regantes comprométese a:

- Dispoñer das concesións da Confederación Hidrográfica Miño – Sil con carácter previo ao inicio das obras de sondaxe e construción dos 42 pozos nas respectivas comunidades.



- Posta a disposición, previa á sinatura do presente convenio, dos terreos, así como das autorizacións de terceiros, necesarias para a execución das obras contempladas no proxecto, sen prexuízo das expropiacións, ocupacións ou imposición de servidumes que fosen necesarias para a realización das mesmas.
- Permitir o acceso de tanta maquinaria e persoal sexa necesaria para a execución das obras.
- Asinar o convenio con SEIASA correspondente ao "Proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións das augas subterráneas - A Limia 2022".
- Recibir e manter as obras, unha vez recepcionadas de conformidade pola Concellería do Medio Rural.

#### Quinta.- Importe estimado para a execución das obras

De acordo cos estudos e anteprojectos xa redactados, o orzamento previsto para a execución das obras ascende á cantidade de **3.712.930,73 €**.

A distribución de este importe previsto para as obras sería o seguinte:

Lamas-Ganade (13 sondaxes)	1.082.724,48 €
San Salvador de Sabucedo (6 sondaxes)	467.696,55 €
Alta Limia (10 sondaxes)	684.656,84 €
Corno do Monte (13 sondaxes)	910.618,86 €
Asistencia técnica para a coordinación ambiental	36.940,68 €
Asistencia técnica para o seguimento arqueolóxico	11.876,40 €
Xestión de Residuos	39.431,22 €
Seguridade e Saúde	16.774,08€
<b>Total costes directos</b>	<b>3.250.719,11 €</b>
7,50% Costes indirectos s/3.250.719,11 €	243.803,93 €
6,25% Gastos Xerais s/3.494.523,04 €	218.407,69 €
<b>Total presuposto de execución</b>	<b>3.712.930,73 €</b>



As obras serán financiadas pola Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, con fondos propios libres a través do proxecto contable 2017 - 00035 "Plan de infraestruturas de regadíos no medio rural" e con cargo á aplicación orzamentaria **14.05.551A.604.1** do exercicio 2022 por un importe de 3.712.930,73 €.

Este expediente tramítase como anticipado de gasto ao abeiro da posibilidade prevista no artigo 1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 e queda condicionado á existencia de crédito axcitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que se aproben para o ano 2022.

#### **Sexta.- Esquema financeiro para o pagamento dos traballos**

Enténdese por custo total da execución das obras:

- O custo de execución das obras segundo o prezo da adxudicación.
- Todos os gastos da adxudicación de contratos de servizos asociados como os de coordinación de seguridade e saúde, dirección das obras, programas de vixilancia ambiental, medidas de protección e compensatorias do impacto ambiental, cultural e paisaxístico etc.
- As modificacións do orzamento iniciais dos encargos a medios propios e as liquidacións aprobadas de acordo co previsto na lexislación de contratos vixente.

#### **Sétima.- Entrega e explotación das obras**

Unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, esta deberá poñelo en coñecemento das Comunidades de Regantes, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte das Comunidades de Regantes, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.

Considéranse integradas na explotación das obras as actividades que con carácter meramente enunciativo, se relacionan a continuación:

- Contratación e pago dos labores de conservación, reparación e mantemento das obras unha vez realizadas as recepcións definitivas das mesmas.
- Contratación, dirección e pago de todo o persoal afecto á explotación das obras.



- Contratación e pago das subministracións da enerxía e outros que sexan precisos.
- Pagamento das licenzas e canons que procedan á administración pública competente.

#### **Oitava.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados ata o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- O mutuo acordo das partes.

#### **Novena.- Comisión de Seguimento**

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada pola directora xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería de Medio Rural e os representantes das Comunidade de Regantes de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia que subscriben este convenio, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

#### **Décima.- Modificacións**

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións da aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico dos proxectos aprobadas pola Consellería do Medio Rural, sempre de acordo coa normativa vixente e que non impliquen a superación dos importes aprobados inicialmente.





*van*  
*ardo*  
*HO*  
*X*

#### Décimo primeira.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Décimo segunda.- Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

#### Décimo Terceira.- Natureza

Este Convenio ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, e no seu defecto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e demais normas de Dereito administrativo e en defecto desde último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

#### Décimo cuarta.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura ata a entrega das obras amparadas polo mesmo ou, no seu caso, ata a súa resolución se se deran algunha das causas establecidas na Cláusula oitava, sen que poida exceder do prazo máximo de





catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público.

As obrigas económicas que derivan do convenio para a Xunta de Galicia circunscribíense á anualidade 2022.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións que teñen conferidas as partes, asinan o presente Convenio no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA,  
O CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL



José González Vázquez

POLAS COMUNIDADES DE  
REGANTES

x

Juan José Penín Vidal  
Comunidade de Regantes de  
"Lamas-Granade"

x

Amador Saborido Dapousa  
Comunidade de Regantes de  
"Corno do Monte"

x

Amador Díaz Penín  
Comunidade de Regantes de "Alta  
Limia"

x

Julio Manuel Montero Molinos  
Comunidade de Regantes de "San  
Salvador de Sabucedo"